

## **COMPETENCIAS PARA A CONVIVENCIA: UNHA PROPOSTA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES EN CONTORNO WEB PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

Eduardo R. Rodríguez Machado  
(Universidade da Coruña)

Emilio Veiga Rio  
(CEFORE, Coruña)

María Dorinda Mato Vázquez  
(Universidade da Coruña)

Raquel Abalde Morin  
(Universidade da Coruña)

### **Resumo**

A experiencia que pretendemos desenvolver tenta sensibilizar, facilitar información e ferramentas web na práctica para que a participación e a **mellora da convivencia** no nosos centros e non so sexa un procesos de integración senón unha vía de formación e crecemento persoal que só se consegue no recoñecemento da nosa necesidade dos outros.

Por iso a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria veñen apoiando dende hai tempo a integración das tecnoloxías da comunicación e a información nos centros educativos e froito iso é a creación de aloxamentos gratuítos para a colocación de contidos educativos de acordo coas necesidades didácticas previamente definidas.

Neste caso pretendemos facer referencia a un deses contidos, o tratamento da convivencia escolar nunha páxina web. Os obxectivos desta web “Promoción e mellora da convivencia” son: ofrecer unha información de fácil acceso sobre o mundo da educación, ofrecer recursos e crear redes entre profesionais, estudantes e familiares.

### **1. Introducción**

Unha das percepcións máis estendidas e que quedou recollida en numerosas consultas ao profesorado fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos e, de forma especial, nos de educativos non universitarios.

Aínda que as situacións de indisciplina ou de acoso entre escolares existiron sempre, parecen haber cobrado unha maior relevancia nos últimos anos.

O plan Integral de Mellora de Convivencia Escolar en Galicia quere axudar a propiciar cambios positivos nos centros educativos e no profesorado, nos modelos de organización escolar e na formación permanente. Neste contexto, terá unha relevancia especial a elaboración e posta en marcha de plans de convivencia escolar en cada centro que adapten ao seu respectivo ámbito os obxectivos, medidas e iniciativas que diseña e impulsa o Plan Integra de Mellora de Convivencia Escolar de Galicia. Neste sentido, o ideal é que **cada centro** que realmente o

desexe, e en función das súas posibilidades, intereses ou necesidades, **inicie un traballo en competencias básicas para a mellora da convivencia Escolar** por onde poida resultarlle máis factible, interesante ou necesaria, adaptando os desenvolvementos aos seus propios ritmos e tempos. Desta forma, cada centro poderá ir cubrindo pasos e etapas nun proceso onde unhas cousas vaian levando a outras de forma natural e voluntaria, proceso que normalmente e de forma simultánea permite descubrir e gañar confianza nas propias posibilidades e capacidades (tanto individuais como, sobre todo, colectivas) e xerar un mecanismo de ilusión e implicación fundamental para o desenvolvemento dunha proposta como a presente.

Pretendemos facer referencia ao tratamento da convivencia escolar nunha páxina web elaborada no noso centro. [Competencias para a Convivencia.](#)

## **2. Xustificación da experiencia.**

Nos últimos anos se están a producir mudanzas moi significativas tanto a nivel social como familiar polo que se está a delegar na institución educativa grande parte das funcións de socialización e formación da nosa mocidade. Os centros debemos tentar de dar unha resposta a esta demanda e para iso consideramos que é oportuno organizar todas as nosas actuacións neste sentido ao redor dun Plan de mellora da Convivencia para o noso instituto.

A comunidade educativa do IES Paseo das Pontes (A Coruña), dende o seu primeiro ano de funcionamento, veu organizándose e dotándose dunha estrutura, ordenación e planos de actuación concretos que lle permitisen dar resposta ás súas necesidades de convivencia e a buscar curso a curso unha mellora continuada no clima do centro e no rendemento académico.

Seguindo isto, podemos entender a convivencia escolar como a interrelación entre os diferentes membros dunha comunidade educativa, que ten incidencia significativa no desenvolvemento ético, socio-afectivo e intelectual de alumnos e alumnas. Esta concepción non se limita á relación entre as persoas, senón que inclúe as formas de interacción entre os diferentes estamentos que conforman unha comunidade educativa, polo que constitúe unha construción colectiva que é responsabilidade de todos os membros e actores educativos sen excepción.

A **convivencia** é un ámbito básico para entender o tipo de relacións que se establecen nunha institución e a capacidade que esta desenvolve para comprender e acoller aos seus diversos membros. O estilo de convivencia que exista no interior de cada centro, marcará fortemente o carácter inclusivo ou exclusivo deste. Neste sentido, non se trata dun ámbito illado na vida institucional senón dunha dimensión transversal a todas as actividades e prácticas que se desenvolven no centro.

Por outra banda, a aparición das novas tecnoloxías está producindo unha revolución imparabile en todos os ámbitos da sociedade. A educación, entón, non ía quedarse á marxe, senón todo o contrario: converteuse nun dos campos máis activos neste terreo. Os parámetros e paradigmas educativos, as formas de ensinar e aprender, os roles dos alumnos e profesores, os espazos e os modos de pensar... van sufrir grandes transformacións que apenas logramos albiscar. Pero, entre os perfís sobresaíntes do novo modelo emerxente, destaca a vella idea da educación para a vida, agora máis real que nunca, e o novo papel que han de desempeñar os profesores: o de guía-orientador da aprendizaxe autónoma e integral. Todo iso, necesariamente, ten que ir acompañado dunha renovación curricular profunda que profile os novos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estamos a falar dun novo currículo para a convivencia.

Optamos por aproveitar os recursos web e multimedia para poder facilitar os canles de información e formación así como accesibilidade de todos os membros da comunidade do centro. É por isto que a presentación e funcionamento do espazo web pretendemos que sexa áxil e que estea en constante evolución. Así dependendo do momento de consulta do espazo poderanse atopar uns contidos ou outros na idea permanente de ampliación e mellora que nos propuxemos.

Figura 1: Web Convivencia Escolar



Como di o informe Delors da UNESCO sobre a educación: o alumno do século XXI debe aprender a aprender, aprender a coñecer, aprender a facer e aprender a coñecer ao outro. Seguindo estas orientacións, preséntase unha experiencia didáctica que pretende abordar a necesidade dunha verdadeira formación en competencias básicas na convivencia positiva e centrada nos dereitos humanos, tanto para o alumnado como para o profesorado, dentro e fóra dos centros, como un modelo de aprendizaxe para a vida, para a súa vida.

### **3. Obxectivos xerais.**

- Formación en competencias básicas que sirvan para a creación dun currículo para a convivencia integral.
- Creación de recursos que poidan servir de axuda para os distintos membros da comunidade educativa na súa formación competencial.
- Utilización con soltura por parte dos docentes do centro das ferramentas ofimáticas de uso común, así coma dos recursos existentes en internet (portais, descargas, weblog, wiki, jelic,...) e optimizar a súa capacidade redifusión a comunidade educativa. Todo isto para dispor de coñecementos prácticos dunha ferramenta de apoio á mellora da convivencia escolar.

### **Obxectivos para o alumnado**

- Procurar que o alumnado se atope a gusto no centro. Que participe e comparta.
- Crear actitudes prosociais e traballar na construción de valores positivos dentro e fóra do centro.
- Establecer unha relación boa e segura, entre o profesorado e o alumnado, baseada no respecto mutuo e na participación.
- Crear un ambiente social no centro que asegure a aprendizaxe, a concentración, a motivación, a auto-estima positiva e as boas relacións
- Facilitar a concentración dos estudantes e traballar nun bo ambiente de convivencia
- Promover a aprendizaxe do alumnado.
- Incrementar o logro académico individual do alumnado, motivación e o aumento gradual da auto-estima académica
- Crear un clima de cooperación entre a familia e o alumnado para mellorar os logros académicos e incrementar a inclusión social na clase.

### **Competencias e habilidades básicas para o alumnado**

- Saber qué ocorre no centro e amosar aos outros que estás interesado/a.
- Ser capaz de comunicarse cos iguais e cos docentes para poder explicar as reaccións cara eles/as, facelos comprensibles e razoables.
- Coñecer sobre a vida social e as estruturas sociais entre os compañeiros de clase (quen é o poderoso, quen é o popular, quen é o solitario, etc.).
- Ser asertivo.

- Amosar interese polo mundo que os rodea.
- Aptitudes Culturais: Como é o desenvolvemento dos novos, nesta xeración, neste lugar, neste tempo, nesta familia e nesta clase.
- Ser capaces de solucionar os problemas xuntos.
- Habilidades en cooperación.
- Identidade positiva de clase (grupo-clase).
- Habilidades en innovación e improvisación.
- Un clima seguro onde os erros son aceptados.
- Enriquecemento das aptitudes ante a diversidade cultural e a multiculturalidade.
- Educación sistemática planeando e usando modelos didácticos de boas relacións que favorezan a convivencia positiva.
- Promover a influencia do alumnado nos seus propios procesos de aprendizaxe.
- Respecto mutuo e entendemento.

### **Actividades para o alumnado**

Aquí amosamos algunhas actividades desenvolvidas e postas na nosa web:

- Actividades de Autoestima.
- Aprendizaxe Autoaxustado.
- Actividade cohesión grupo.
- Actividades de Resolución de conflitos:  
*"Crear un conflicto coas mans"; "Casos e Cousas"*
- Bullying-acoso.
- Actividade de Conflictos en grupo.
- Ensinar a pensar *"Teatro Fórum"*
- escoita activa *"Necesidade que escoiten"*
- Xestión de Aula *"Patróns de comportamento"*
- Relacións alumnado-profesorado: *"Construíndo relacións"*
- Educación valores: *Técnicas: a lista de valores, a folla de valores*
- Actividades I.E.S. Señor Bemibre para a mellora da convivencia nos centros.

### **Obxectivos para o profesorado**

- Impulsar a creación dun sistema de recollida e análise de información relacionada coa convivencia e a mellora nos centros nos centros.
- Conscienciarse da importancia que ten a formación en valores e actitudes democráticos na educación do alumnado.

- Cambio de rol do profesor: de xerador e reproduutor a guía, orientador e modelo da convivencia positiva
- Preparar aos alumnos para unha aprendizaxe autónoma, ensinándolle as competencias básicas que fan posible xestionar a sociedade na convivencia.
- Vincular contidos e sistema educativo coa vida cotiá. Facer unha escola próxima
- Integrar as novas tecnoloxías como ferramentas que aportan novas estratexias educativas.
- Coñecer os programas web educativos actuais, aplicación, utilidades, descargas, weblog, portais, chat, wiki, foros educativos e os portais educativos relacionados coa convivencia escolar.
- Educar para a vida, educar en valores e integrar os temas transversais dun modo natural e eficiente.
- Desenvolver actitudes de traballo compartido en colaboración.
- Integrar a multiculturalidade como elemento constante da globalización e a cultura do século XXI.
- Realizar a web da mellora da convivencia do centro.

### **Competencias e habilidades básicas para o profesorado**

- Buscar e recoñecer as calidades do alumno ou alumna.
- Estar en situación, como por exemplo, estar cos estudantes e pasar o tempo xunto a eles.
- Interese polo mundo de cada alumna ou alumno
- Habilidades en innovación e improvisación.
- Un clima seguro onde os erros son aceptados.
- Boas relacións entre estudantes.
- Enriquecemento das aptitudes ante a diversidade estudiantil.
- Educación sistemática planeando e usando modelos didácticos de boas relacións.
- Promover a motivación de aprendizaxes individuais.
- Promover a influencia do alumnado nos seus propios procesos de aprendizaxe.
- Respecto mutuo e entendemento.
- Competencias e habilidades tecnolóxicas en aplicación informática e espazos web.

- **Recursos para o profesorado**

Aquí amosamos algúns recursos para o profesorado colocados na nosa web:

***Mediación no Conflicto***

- Mediación. Asociación Adafad ( A Coruña)
- Manual de Apoio. Junta Castilla y León
- I.E.S. Porta Alta (Málaga) Esquema de organización.
- I.E.S. Porta Alta (Málaga) Ficha Control Aula Convivencia - Ficha I e II Intelixencia. Emocional e educación das emocións dende o Modelo de Mayer e Salovey. e Pablo Fernández Berrochal.
- Actividades para o profesorado: Solucionando problemas.

***Interculturalidade***

- Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración. Xunta de Galicia
- Actividades de acollida
- Artigo: Inclusión e Sistema Educativo Climent Giné i Giné Universidad Ramón Llul (Barcelona)
- Artigo: Interculturalidade e inclusión: principios para avaliar a acollida ao alumnado de orixen estranxeiro. Silvia Carrasco
- Plan de Interculturalidade. Consejería de Educación. Gobierno de Cantabria
- Unidade Didáctica Interculturalidade
- Guía para a avaliación e mellora da educación inclusiva. Tony Booth e Mel Ainscow.

***Violencia Escolar***



- ***Acoso Escolar:*** - *Guía Familias Bulling*

- *Guía Acoso Escolar*

- *Indicadores Familiares Acoso Escolar*

- *Indicadores posibles Acoso Escolar*

- *Modelo Informe Acoso Escolar*

- *Protocolo actuación Acoso Escolar*

- *Información sobre posible Acoso Escolar*

- ***Convivencia na aula:*** *Recursos e reflexións para a mellora da convivencia escolar*

- *A VIOLENCIA NOS COLEXIOS. UNHA REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA.*

*Autora: Rocío Lleó Fernández*

*O MODELO "CONSTRUIR A CONVIVENCIA". UNHA PROPOSTA CONTRA A VIOLENCIA ESCOLAR* Autora: Joaquín Mora-Merchán

- *Cuestionario de Maltrato Escolar (Junta de Andalucía)*

- *A RELACIÓN PROFESOR/A-ALUMNO/A COMO BASE DA CONVIVENCIA.* Autora: Rosa Marchena

*Materiais didácticos para a prevención da violencia de xénero* Autoras: Maite Gorrotxategi

*Larrea e sabel M<sup>a</sup> de Haro Oriola*

*María José Aguado: Axudando a resolver conflitos.*

#### **4. Contidos**

##### **Contidos multimedia. Aplicacións web**

Recursos formativos para a tecnoloxía na rede.

Estrutura lóxica e física da rede:

- Utilización de recursos na rede, descargas, adobe acrobat, flash, weblog sobre convivencia escolar... e a súa utilización didáctica, busca de información e avaliar a súa calidade...
- Familiarización cos principios básicos para o traballo con diferentes tipos de ficheiros de media (imaxe, audio, vídeo e texto).
- Recensión de ligazóns interesantes de convivencia escolar. Portais de convivencias doutras comunidades.

##### **Contidos Didáctico-curriculares**

Clima de aula, autoestima, cohesión de grupos, resolución de conflitos, mediación, acoso escolar (Bullyng-acoso), ensinar a pensar, escoita activa, relacións alumnado-profesorado, aprendizaxe autoaxustado, multiculturalidade, inclusión, educación para a paz, educación en valores democráticos.

#### **5. A Metodoloxía**

A metodoloxía foi evidentemente practica e colaborativa, onde a discusión e o intercambio de experiencias sexan un dos motivos principais non sen deixar ceibe a creatividade grazas á busca autónoma e guiada así coma a experimentación.

Poderemos resumir a metodoloxía en actividades de diversos tipos:

- Clase Maxistral: Sesión informativas teórico-prácticas
- Actividades en Gran Grupo. Intercambio de traballos, experiencias
- Actividades Pequeno Grupo: por afinidades, intereses ou nivel.
- Actividades e prácticas a nivel individual: vivenciar e experimentar.



- Discusión (online e offline) e valoración dos coñecementos adquiridos, así coma toma de decisións.

A nosa experiencia está baseada nunha pedagogía activa que implica o desenvolvemento dos procesos que o informe Delors (*op. cit.*) recomenda para a escola do século XXI.

- ***Aprender a aprender:***

- Ensínaselle ao alumno as ferramentas necesarias para desenvolver unha aprendizaxe autónoma e permanente, eficaz, flexible e personalizada, que o vai a acompañar ao longo da vida como un instrumento esencial de coñecemento.

- ***Aprender a ser:***

- Fomentar a curiosidade, a selección, a reflexión en grupo e individualmente, a valoración crítica de fontes e medios, descubrir as manipulacións, intencións e intereses, suscitar formulacións e cuestións, interrogarse, ter unha visión ampla da realidade que os rodea, a educación en valores, a inclusividade, a educación socioemocional, a adecuación dos niveis de dificultade... son obxectivos que de modo latente e vivo desprenderanse dunhas boas prácticas.

- ***Aprender a facer:***

- Comprender, seleccionar, resumir, valorar, ser asertivo, paciente, así como aprender a manexar as ferramentas dixitais que as novas tecnoloxías aportan para producir un coñecemento personalizado, a asimilar as aprendizaxes dos bos resultados dunha convivencia positiva . O alumnado debe aprender a prestar atención, interesarse, ser proactivo, consecuente, ancorar, proxectar, a ter pensamento consecuente.
- Tamén nos baseamos nuns **pasos claves** para o traballo na adquisición de competencias básicas por parte de todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias...
- Progresión, prevención, reacción e moldeado, sincronización, retroalimentación, bo humor, tomar perspectivas consecuentes, a autonomía, tutoría entre iguais, cooperar, ter metas coñecidas, traballar con estratexias de aprendizaxe cooperativo, traballar as emocións, aprender a coñecer ao outro/a, ser conscientes da multiculturalidade, traballar metodoloxías de inclusión, o clima de aula, a acción solidaria, os contratos de compromiso, o currículo vivencial coas familias.
- **O alumno**, mergullado neses valores, aprenderá a valorar a tolerancia e o respecto aos demais para poder vivir en liberdade. ¡Que mellor expresión na actualidade que unha

pedagogía da convivencia! (Xares, J, 2007) para construír unha aprendizaxe en valores e un verdadeiro currículo da convivencia.

- En canto aos **fundamentos teóricos**, a realización da experiencia configurouse fundamentándose nos seguintes principios pedagóxicos que, de modo esquemático, se presentan a continuación: Flexibilidade, construción activa dos coñecementos e das experiencias, aprendizaxes vivenciais, procura de competencias básicas, alumnado como o protagonista da súa propia aprendizaxe.

**Todo isto baseado na:**

- Participación libre, planificación funcional do traballo, axustamento ao horario dispoñible dos participantes, liberdade e autonomía, cooperación e responsabilidade, nun ambiente cordial e non intimidatorio, nuns hábitos de participación, solidariedade, responsabilidade e iniciativa.

Realizáronse unhas sesión de avaliación final, valorando a utilidade deste traballo para o Centro, así como a mellora e avance permanente na confección de actividades e procura de boas prácticas que sirvan de modelos a seguir.

## **6. Temporalización, niveis.**

### **❖ Temporalización**

Dada a súa flexibilidade, esta experiencia pódese axustar á temporalización que o profesor desexe ou precise: durante todo o curso (conveniente para reforzar o hábito da lectura dos medios de comunicación), unha ou varias veces á semana; durante un trimestre, un mes...etc. Doutra banda, dado que se pretende que a aprendizaxe sexa tamén de carácter autónoma e personalizada, a súa actividade non interfere na evolución curricular do curso.

Neste caso, a experiencia realizouse ao longo dos tres trimestres do curso escolar.

### **❖ Niveis**

Esta experiencia, pola súa mesma versatilidade, é aplicable a calquera etapa do ensino secundario (ESO, Bacharelatos, EPA...) e a diferentes niveis de dificultade, adaptando o volume, a periodicidade, os temas e complexidade do traballo aos distintos perfís do alumno e do profesorado.

Neste caso, a experiencia abarcou cursos de secundaria e bacharelato.

## 7. **Avaliación.**

Actividade **voluntaria** (dado que non todos desexan acceder a web) pero **valorable** en función da aplicación práctica nas distintas aulas do centro.

Valorábase o volume e frecuencia da posta en práctica das actividades co alumnado, a orixinalidade, a creatividade, a precisión e o rigor no traballo, e a madurez das accións, así como o número de actividades ademais de aportación de outras novas que se ían facendo.

Realizáronse unhas sesión de avaliación final, valorando a utilidade deste traballo para o Centro, así como a mellora e avance permanente na confección de actividades e procura de boas prácticas que sirvan de modelos a seguir. Tratouse de plantexar unha grella que medira dalgunha forma a posta en práctica en canto ao número de profesores e de alumnos implicados pero determinouse que, de momento e dado o longo período de sensibilización levado a cabo, sería mellor pospoñela para máis adiante.

Tamén se tivo en conta o número de reunións e nivel de traballo da comisión de Convivencia e do Dpto de orientación para a posta e execución do Plan de Convivencia.

O rol do profesor pasou a ser o de orientador ou guía da auto-aprendizaxe, descubríndolles actividades vivenciais e experiencias coas que traballar mellor as relacións e a convivencia, facendo preguntas ou provocando reflexións sobre o que ían descubrindo.

Unha porcentaxe de alumnos melloraron notablemente as súas relacións ao traballar en base ao novo currículo da convivencia e as novas prácticas que se potenciaban enormemente a través dos titores e o Departamento de Orientación.

Potenciouse o seu interese pola información e a convivencia como un hábito necesario para enriquecer a súa visión da realidade, para relacionarse, para reflexionar mellor, para a toma de decisións... para a súa vida en definitiva.

### **Indicadores**

Mellora do clima nas aulas, rexistros de condutas e de grao de participación, baixada nos partes de incidencias, mellora do absentismo escolar, mellora no clima das sesións de titorías, número de alumnado participante nas actividades, número de profesorado participante nas actividades, número de reunións de coordinación mantidas por parte de docentes e/ou comisións.

## 8. **Conclusións**

Consideramos que comezamos un proxecto ambicioso e que como as temáticas e os obxectivos prantexados son de moita sensibilización e maduración ademais de longas prácticas temos que ser conscientes das dificultades de intentar idear e traballar sobre un currículo da convivencia positiva. Tratou de espertar na comunidade educativa e sobre todo no alumnado e profesorado unha necesidade de querer cando menos intentar traballar en profundidade, con regularidade, e con intencións de verdadeira mellora un cambio nas prácticas e hábitos relacionais e nas

competencias persoais. Tamén que fora unha proposta *permanente, voluntaria e autónoma*, para captar unha realidade máis ampla e rica que axudará a todos/as nunha educación integral propia do século XXI.

**Introducir un currículo da convivencia**, boas prácticas de xestión de aula, de relación persoais, de implicación e saber ser, no centro presentaba moitos inconvenientes propios da rixidez das estruturas do ensino: os horarios fixos; os hábitos aprendidos e reproducidos tradicionalmente, a sociedade competitiva, un profesorado canso e sen ferramentas que lle sirvan de verdade, as materias como compartimentos estancos; a adaptabilidade á secuenciación da programación, etc.

As aprendizaxe, as prácticas relacionais, as vivencias positivas, o aprender a ser e estar, pois, deberían ser *permanentes, voluntarias, autónomas e flexibles*, é dicir, o alumno, o profesorado incluso as familias participarían, se comprometerían e axudarían na verdadeira formación en convivencia. Tamén barallamos como opción verdadeira e moi en consonancia cos momentos da sociedade actual e dos hábitos e habilidades dos nosos novos o emprego das *novas tecnoloxías* e seleccionar as *ferramentas dixitais e axeitalas* para producir eficaz e eficientemente melloras e axudas nas prácticas máis vivenciais.

Tamén apuntar que nesta experiencia queríamos abordar e dar forma, dende un principio, a **un espazo de referencia para** toda a comunidade onde tivera cabida a constitución e funcionamento do **Observatorio da Convivencia do centro**, como un último nivel, tal e como determina o Decreto 85/2007, do 12 de abril. Neste apartado incorporáronse as estruturas e planificacións marcados dende o propio Decreto así como recursos múltiples para o profesorado para a súa planificación, elaboración, e funcionamento.

### **Referencias Bibliográficas**

- Alzate, R. (2000). *Resolución del conflicto. Programa para Secundaria y bachillerato*. Bilbao: Ed. Mensajero.
- Armas Castro, M. (2005). *Alumnado con problemas de conducta*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación. Xunta de Galicia.
- Armas Castro, M. y Armas Barbazán, C. (2005). *Violencia escolar (12-16 anos)*. Vigo: Nova Galicia Edicións, (Versión en gallego y castellano).
- Armas Castro, M. y Armas Barbazán, C. (2006). *Violencia escolar (8-11 anos)*. Vigo: Nova Galicia Edicións, (Versión en galego, castelán e inglés).
- Armas Castro, M. (2006). *Cómo prevenir e intervenir en conflictos y problemas de conducta*, Madrid: Praxis.

- Armas Castro, M. (2007). *“Prevención e Intervención ante problemas de conducta. Estrategias para centros educativos y familias.* Madrid: Wolters Kluwer España, S.A.
- Autoría Compartida (2003). “Promover la inclusión”. *Cuadernos de Pedagogía* nº 325
- Bartolomé, M. (2007). *Construcción de una Ciudadanía intercultural y responsable: guía para el profesorado de secundaria.* Madrid: Narcea, S.A de ediciones.
- Bazarra, L; Casanova, O; G. Uarte, J (2007). *Profesores, alumnos y familias: 7 pasos para un nuevo modelo de escuela.* Madrid: Narcea.
- Boqué, Torremorell, M.C. (2004). *Guía de la mediación escolar.* Barcelona: Octaedro.
- Boqué Torremorell, M.C. (2005). *Tiempo de mediación. Taller de formación de mediadores y mediadoras en el ámbito educativo.* Barcelona: CEAC.
- Carreras, LL. (1999). *Cómo educar en valores: materiales, textos, recursos y técnicas.* Madrid: Narcea.
- Casamayor G. y Otros (1998). *Cómo dar respuesta a los conflictos.* Barcelona: Ed. Grao.
- Cascón Soriano, P. (2000). “¿Qué es bueno saber sobre el conflicto?”. *Cuadernos de Pedagogía* nº 287.
- Cerezo Ramírez, F. (2002). *Conductas agresivas en la edad escolar: Aproximación teórica e metodológica. Propuestas de intervención.* Madrid: Pirámide/Anaya.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especias pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Coll C. y Onrubia, J. (2002). “Evaluar en una escuela para todos”. *Cuadernos de Pedagogía* nº 318
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOGA del martes 8 de maio).
- Instruccións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia.
- Defensor del Pueblo. (2000). *Informe sobre violencia escolar: el maltrato entre iguales en secundaria obligatoria.* Madrid: Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo.
- Díaz Aguado, M. J. (2004). *La violencia en la escuela.* En: Sanmartín, J. (Coord.) El laberinto de la violencia. Causas, tipos y efectos. Barcelona: Ariel.
- Díaz Aguado, M. J. (2006): *Del acoso escolar a la cooperación en las aulas,* Madrid: Pearson.
- DELORS, ET AL. (1996). *La educación encierra un tesoro.* Madrid: UNESCO-Santillana
- Díez, E. e González, R. (1996). *Taller de valores. Educación Primaria. Propuesta didáctica.* Madrid: Ed. Escuela Española.

- Dios Diz, M. (2002). *Educación para a Paz, globalmente. Memoria dunha experiencia educativa*. A Coruña: Toxosoutos.
- Dios Diz, M. (2004). *Educación nos afectos, frear a violencia*, Santiago de Compostela: SGEP.
- Durán, D. y Miquel, E. (2003). “Cooperar para enseñar y aprender”. Cuadernos de Pedagogía nº 331.
- Esteve, J. M. (2003). *La tercera revolución educativa*. Barcelona: Ed. Paidós
- Fernández García, I. (1998). *Prevención de la violencia y resolución de conflictos*. Madrid: Narcea.
- Fernández García, I. Coord. (2001). *Guía para la convivencia en el aula*. Barcelona: Praxis
- Freire, P. (1998). *Pedagogía de la autonomía*. Madrid: Siglo XXI editores.
- García, J.E. (2002). “Los problemas de la Educación Ambiental ¿es posible una Educación Ambiental integradora?” En, *Investigación en la Escuela*, nº 46, p. 5-27.
- Jares, X. R. (1999). *Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas*, Madrid: Popular.
- Jares, X. R. (2001). *Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia*, Madrid: Popular.
- Jares, X. R. (2004). *Educación para la paz en tiempos difíciles*. Bilbao: Bakeaz.
- Jares, X.R. (2005). *Educación para la verdad y la esperanza*, Madrid: Popular.
- Jares, X. R. (2006). *Pedagogía de la convivencia*. Barcelona: Graó.
- Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. (BOE 29/12/2004).
- Ley 27/2005, de 30 de noviembre, de fomento de la educación y la cultura de la paz. (BOE 1/12/2005).
- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. (BOE 4/05/2006)
- López, R y García, J.A (coord.). (2004). *La agenda21 Escolar de Galicia*. Santiago de Compostela: D.X. de Desenvolvemento Sostible.
- Lucini, F. (1999). *Temas transversales y educación en valores*. Madrid: Alauda-Anaya.
- Marina, J.M. (2004). *La inteligencia fracasada*. Barcelona: Anagrama.
- Ortega Ruiz, R. (2000). *Educación para la convivencia para prevenir la violencia*, Madrid: Machado Libros.
- Ortega, R. y Del Rey, R. (2003). *La violencia escolar. Estrategias de intervención. Capítulo 2 Afrontar la conflictividad proyectando la convivencia*. Barcelona: Graó.
- Ortega, R. y Del Rey, R. (2004). *Construir la Convivencia*. Madrid: Edebé.
- Pérez Esclarín, A. (2004). *Educación para humanizar*. Madrid: Ed. Narcea.

Puig Rovira, J.M. (1997). “Conflictos escolares: una oportunidad”. *Cuadernos de pedagogía*. nº 257.

Real Decreto 275/2007 por el que se crea el Observatorio Estatal de la Convivencia Escolar. (BOE 15/03/2007).

Seminario Galego de Educación para a Paz. (2006) *Educar para desaprender la violencia*, Madrid: Los libros de la Catarata.

Salas García, B. (2003). *Diccionario de la Pentacidad*, Ed. Octaedro-Eub-Grupo Pentacidad,

Salas, B. Serrano, I. (2003). *Convivencia, aprendizaje y tutoría*, ED. Octaedro-Eub-Grupo Pentacidad (libro primaria y secundaria)

Salomon, Gavriel. (2002). *Peace Education. The Concept, Principles, and practices around the World*. London: Lawrence Erlbaum Associates.

Segura, M. (2005). *Enseñar a convivir no es tan difícil. Para quienes no saben qué hacer con sus hijos o con sus alumnos*. Bilbao: Desclée de Brouwe.

Torrego, J.C., e Moreno, J.M. (2003). *Convivencia y disciplina en la escuela. El aprendizaje de la democracia*. Madrid: Alianza ensayo.

Torrego, J.C. (coord.) (2006): *Modelo integrado de mejora de la convivencia*. Barcelona: Graó.

Urruzola, M<sup>a</sup> J. (1996). *Aprendiendo a amar desde el aula*. Madrid: Ed. Maite Canal.

Vaello Orts, J. (2003). *Resolución de conflictos en el aula*. Madrid: Santillana.

Vaello Orts, J. (2005). *Habilidades sociales en el aula*. Madrid: Santillana.

Vaello Orts, J. (2007). *Como dar clase a los que no quieren aprender*. Madrid: Santillana.

Vivas, M, Gallego, D.J, González, B. (2006). *Educar las Emociones*. Madrid: Editorial Dykinson, S.L.

Web de Convivencia:

<http://centros.edu.xunta.es/contidos/premios08/?cat=55>

<http://centros.edu.xunta.es/iespaseodaspontes/webantiga/htm/didacticos/archivos/index.htm>